



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

##### Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS CIDADES GALEGAS, AVENIDA DE BREOGÁN (LUGO)

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/22/217.06

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 20 de marzo de 2024

Lugo, 22 de febreiro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

CONCELLO DE LUGO

INFORME DE ENDEREZOS dos predios expropiados con motivo das obras de

“APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS CIDADES GALEGAS, AVENIDA DE BREOGÁN (LUGO)” para Pagos de Xustiprezo

CLAVE LU/22/217.06

PROPIETARIO		PREDIOS
CORDEIRO LÓPEZ	ALFONSO	4-AR3
RÚA MONTE PENA RUBIA, Nº 1 - B	LUGO 27004	
-----		
DÍAZ PÉREZ	PILAR	4-AR1
RÚA ORQUÍDEA, Nº 1 - 3º C	LUGO27004	
-----		
DURÁN REY	LUIS	4-AR2
RÚA AQUILINO IGLESIAS, Nº 16 - 4º B	LUGO27004	
-----		
FERNÁNDEZ GAY	MANUEL	1-AR3
RÚA AMENEIRO, Nº 11 - 1	LUGO27004	
-----		
FERREIRO DEVESA	JOSÉ 1	-AR1
RÚA DA HERBA, Nº 5	LUGO27004	
-----		
GONZÁLEZ VILLAR	MANUEL	4-AR4
RÚA TRAPERÓ PARDO, Nº 17 -1º	LUGO27004	

---

LATAS ASTARIZ	GUADALUPE	1-AR5
RÚA POMAR, Nº 26 - 1º	LUGO27004	

---

LÓPEZ LAMAS	IRENE	1-AR4
RÚA LAMAS DE PRADO, Nº 206 - 1º	LUGO27004	

R. 0533

---

## CONCELLOS

### BALEIRA

#### *Anuncio*

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 21/02/2024 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 1º bimestre do 2024**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/03/2024 e 31/04/2024 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/03/2024. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, febreiro de 2024.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López

R. 0534

---

## BURELA

#### *Anuncio*

**EXPEDIENTES 2788/2023 E 2789/2023. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. DECEMBRO 2023.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 31 de xaneiro de 2024 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.650,05 €, correspondendo 956,46 € a libre concorrencia e 8.693,59 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 15 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa – Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 0535

## CASTROVERDE

### Anuncio

#### PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO, DA OPE DO CONCELLO DE CASTROVERDE DO ANO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

#### D. XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE, LUGO

Visto que polo Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 19 de maio de 2022 acordouse aprobar a convocatoria e bases para cubrir como persoal laboral fixo, de unha praza de “PEÓN SERVIZOS MÚLTIPLES” a través do sistema de concurso, da OPE do ano 2022 para a estabilización de emprego temporal.

Visto que as bases que rexerán a convocatoria deste proceso selectivo foron publicadas integramente no BOP de Lugo, n.º 122 do 30 de maio de 2022 e o anuncio no DOGA n.º 118 do 21 de xuño de 2023 e no BOE n.º 14 do 16 de xaneiro de 2024

Visto que con data 14 de febreiro de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo obxecto desta convocatoria,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos, (con indicación do motivo de exclusión), no proceso selectivo indicado, que se indica a continuación:

#### ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI/NIE	PROBA DE GALEGO
1	BOUDÓN FERREIRO DARIO	**3149***	NON

#### EXCLUÍDOS:

Ninguén

**Segundo.-** Proceder ao nomeamento do Tribunal Cualificador do proceso, cuxa composición será a que a continuación se relaciona:

-**Presidente:** Raúl García Martínez empregado Público do Concello de A Fonsagrada

-Suplente: Mónica Pérez Martínez empregada Pública do Concello de Castroverde

-**Primeiro vogal:** Manuel Fernández Fernández, empregado público do Concello de Castroverde.

-Suplente: Ángel Álvarez Pereira , empregado público do Concello de Baleira.

-**Segundo vogal:** Mª José Álvarez Arias, empregado público do Concello de Castroverde

Suplente: Elvira De Dios Pérez , empregada pública do Concello de Castroverde

**-Terceiro vogal:** Manuela López Veiga, empregada pública do Concello de Castroverde.

Suplente: Juan José Castedo Rey , empregado público do Concello de Castroverde.

**-Secretario/a:** M<sup>a</sup> del Carmen Díaz Fernández, empregada pública do Concello de Castroverde.

Suplente: María García Ferro, empregada pública do Concello de Castroverde.

**Terceiro.-** O Tribunal Cualificador reunirse, para proceder á baremación dos méritos dos aspirantes o día 13 de marzo, ás 12:30 horas nesta Casa Consistorial (Praza do Concello, 2)

**Cuarto.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición, no prazo de un mes, ante a Alcaldía ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, de acordo co previsto na lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

**Quinto.-** Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0> e publicarase no BOP de Lugo.

Ordénao e asínao o Sr Alcalde

Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción no libro de resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade

Castroverde, 22 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0536

### Anuncio

**EXTE. N.º 147/2022**

**ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO, DA OPE DO CONCELLO DE CASTROVERDE DO ANO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.**

**D. XOSÉ MARÍA ARIAS FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE, LUGO**

Visto que polo Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 19 de maio de 2022 acordouse aprobar a convocatoria e bases para cubrir como persoal laboral fixo, de dúas praza de “LIMPADOR/A” a través do sistema de concurso, da OPE do ano 2022 para a estabilización de emprego temporal.

Visto que as bases que rexerán a convocatoria deste proceso selectivo foron publicadas integramente no BOP de Lugo, n.º 122 do 30 de maio de 2022 e o anuncio no DOGA n.º 118 do 21 de xuño de 2023 e no BOE n.º 14 do 16 de xaneiro de 2024

Visto que con data 14 de febreiro de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo obxecto desta convocatoria,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de admitidas e excluídas, (con indicación do motivo de exclusión), no proceso selectivo indicado, que se indica a continuación:

**ADMITIDOS:**

Nº	APELIDOS E NOME	DNI/NIE	PROBA DE GALEGO
1	ALONSO LOPEZ MARIA MONTSERRAT	**3354***	NON
2	CANDO CHAIN JOSEFA	**3022***	SI
3	FERNANDEZ LOPEZ ESTRELLA	**3056***	SI
4	FOLE FOLE LAURA	**3468***	NON
5	MEILÁN DOMINGUEZ MARIA PILAR	**3340***	SI
6	NUÑEZ LÓPEZ MARIA VICTORINA	**3034***	SI

**EXCLUÍDAS:**

Ninguén

**Segundo.-** Proceder ao nomeamento do Tribunal Cualificador do proceso, cuxa composición será a que a continuación se relaciona:

-**Presidente:** Raúl García Martínez empregado Público do Concello de A Fonsagrada

-Suplente: Mónica Pérez Martínez empregada Pública do Concello de Castroverde

-**Primeiro vogal:** Manuel Fernández Fernández, empregado público do Concello de Castroverde.

-Suplente: Ángel Álvarez Pereira , empregado público do Concello de Baleira.

-**Segundo vogal:** M<sup>a</sup> José Álvarez Arias, empregado público do Concello de Castroverde

Suplente: Elvira De Dios Pérez , empregada pública do Concello de Castroverde

-**Terceiro vogal:** Manuela López Veiga, empregada pública do Concello de Castroverde.

Suplente: Juan José Castedo Rey , empregado público do Concello de Castroverde.

-**Secretario/a:** M<sup>a</sup> del Carmen Díaz Fernández, empregada pública do Concello de Castroverde.

Suplente: María García Ferro, empregada pública do Concello de Castroverde.

**Terceiro.-** O Tribunal Cualificador reunirse, para proceder á baremación dos méritos dos aspirantes o día 13 de marzo, ás 10:00 horas nesta Casa Consistorial (Praza do Concello, 2)

**Cuarto.-** Convocar ás aspirantes que non aportaron o Celga para a realización da proba de galego para o día 13 de marzo, ás 11:00 horas nesta Casa Consistorial (Praza de España, 2)

**Quinto.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición, no prazo de un mes, ante a Alcaldía ou recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo competente, de acordo co previsto na lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

**Quinto.-** Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0> e publicarase no BOP de Lugo.

Ordénao e asínao o Sr Alcalde

Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción no libro de resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade

Castroverde, 22 de febreiro de 2024.-O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2637

---

**O CORGO***Anuncio*

**NOMEAMENTO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO: TRABALLADOR/A SOCIAL, POSTO DE APOIO DO CONCELLO DO CORGO E DATA DE CONSTITUCIÓN**

De conformidade coa base sexta das reguladoras do procedemento de selección de persoal laboral fixo: traballador/a social, posto de apoio do concello do Corgo, o Alcalde, por Resolución do 20 de febreiro de 2024, nomeou o Tribunal cualificador, composto polos seguintes membros:

Presidente: M<sup>a</sup> Dolores Rodríguez Gómez, Traballadora Social do Concello de Taboada.

Secretario: Marco A. García-GabilánSangil, Secretario do Concello do Corgo.

Vogal: Natalia PuentePiñeiro, Traballadora Social do Concello de Begonte.

Vogal: Belén Ladra Sanjurjo, Traballadora Social do Centro de Día do Corgo.

Vogal: M<sup>a</sup> Isabel Castedo González, Traballadora Social do Concello do Corgo.

**SUPLENTES:**

Do Presidente: Belén López López, Secretaria do Concello de A Pastoriza.

Do Secretario: Julio González Casanova, Secretario do Concello de Friol.

Dos Vogais: Margarita Viña Santos, Traballadora Social do Concello de Portomarín.

Ana M<sup>a</sup> Rivas García, Secretaria do Concello de Becerreá.

S. Daniel Vázquez Prado, Técnico do Concello de Becerreá.

Así mesmo, na citada resolución, fixouse a data de constitución do tribunal, que terá lugar o martes día **5 de marzo de 2024 ás 13:30 na Casa do Concello do Corgo**.

Unha vez constituído o Tribunal, este decidirá a data de celebración da primeira proba, que non poderá ser inferior a 3 días nin superior a 80 días desde a data da súa constitución

O que se fai público aos efectos oportunos, facendo constar que este anuncio publicárase no BOP de Lugo, taboleiro de edictos do concello, taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do concello do Corgo.

O Corgo, 21 de febreiro de 2024.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 0538

---

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XANEIRO DE 2024**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 01 de febreiro de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Xaneiro de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Xaneiro de 2024: 3.206,39€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de marzo de 2024 e o 01 de maio de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 7 de febreiro de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0539

---

## XOVE

### *Anuncio*

#### **RESOLUCIÓN AMPLIACIÓN DE HORARIOS CONCELLO DE XOVE**

Resolución de Alcaldía do Concello de Xove nº 2024-0251, ditada en aplicación do disposto na Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas:

#### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a instancia presentada pola «Asociación de Empresarios de Hostelería y Turismo de Lugo», con NIF G27021005, o 12.02.2024, con rexistro de entrada núm. 2024-E-RC-188, pola que se solicita ampliar os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público de ocio, hostalería e restauración, asociados a dita entidade, en dúas (2) horas.

Visto o informe núm. 2024-0024 emitido o 18.02.2024, polo secretario do excmo. Concello de Xove.

Visto canto antecede, de conformidade co disposto nos artigos 5, letra f), e 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e 8.2 da Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, en relación co establecido nos artigos 21.1, letra s), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.1, letra s), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Establecer, consonte o disposto no artigo 9.2 da Orde do 23 de outubro de 2020, o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliarse os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, incluídos no catálogo contido no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, no seguintes termos:

### a) Entroido

\* Ningunha noite ao terse celebrado con anterioridade a esta resolución.

### b) Semana Santa:

\* A noite que vai do 22 ao 23 de marzo de 2024.

\* A noite que vai do 23 ao 24 de marzo de 2024.

\* A noite que vai do 24 ao 25 de marzo de 2024.

\* A noite que vai do 25 ao 26 de marzo de 2024.

\* A noite que vai do 26 ao 27 de marzo de 2024.

\* A noite que vai do 27 ao 28 de marzo de 2024.

\* A noite que vai do 29 ao 30 de marzo de 2024.

\* A noite que vai do 30 ao 31 de marzo de 2024.

### c) Nadal.

\* A noite que vai do 20 ao 21 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 21 ao 22 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 22 ao 23 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 23 ao 24 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 24 ao 25 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 25 ao 26 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 26 ao 27 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 27 ao 28 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 29 ao 30 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 30 ao 31 de decembro de 2024

\* A noite que vai do 31 de decembro de 2024 ao 1 de xaneiro de 2025

\* A noite que vai do 1 ao 2 de xaneiro de 2025

\* A noite que vai do 2 ao 3 de xaneiro de 2025

\* A noite que vai do 3 ao 4 de xaneiro de 2025

\* A noite que vai do 4 ao 5 de xaneiro de 2025

\* A noite que vai do 5 ao 6 de xaneiro de 2025

### d) Festas e verbenas populares.

#### 1. San Isidro (Parroquia de Monte)

\* A noite que vai do 05 ao 06 de abril de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

\* A noite que vai do 06 ao 07 de abril de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

\* A noite que vai do 07 ao 08 de abril de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

#### 2. Festa das fillas de María (Xove)

\* A noite que vai do 11 ao 12 de maio de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

3. San Antón e Virxe do Carme (Parroquia de Morás)

- \* A noite que vai do 24 ao 25 de maio de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 25 ao 26 de maio de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 26 ao 27 de maio de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

4. San Antonio (Parroquia de A Rigueira)

- \* A noite que vai do 12 ao 13 de xuño de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 13 ao 14 de xuño de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 14 ao 15 de xuño de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

5. Virxe do Carme e San Antón (Parroquia de Lago)

- \* A noite que vai do 05 a 06 de xullo de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 06 ao 07 de xullo de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 07 ao 08 de xullo de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

6. San Antonio (Parroquia de Sumoas)

- \* A noite que vai do 02 ao 03 de agosto de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 03 ao 04 de agosto de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 04 ao 05 de agosto de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

7. San Pedro Fiz (Parroquia de Xuances)

- \* A noite que vai do 09 ao 10 de agosto de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 10 ao 11 de agosto de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 11 ao 12 de agosto de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

8. San Bartolo e Virxe do Carme (Xove)

- \* A noite que vai do 28 ao 29 de agosto de 2024
- \* A noite que vai do 29 ao 30 de agosto de 2024
- \* A noite que vai do 30 ao 31 de agosto de 2024
- \* A noite que vai do 31 de agosto ao 1 de setembro de 2024
- \* A noite que vai do 1 ao 2 de setembro de 2024

9. Nosa Señora (Parroquia de Portocelo)

- \* A noite que vai do 06 ao 07 de setembro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 07 ao 08 de setembro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 08 ao 09 de setembro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

10. San Miguel (Parroquia de A Rigueira)

- \* A noite que vai do 27 ao 28 de setembro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 28 ao 29 de setembro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 29 ao 30 de setembro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

11. Festa do Ramo do Cruceiro (Parroquia de Xuances)

- \* A noite que vai do 04 ao 05 de outubro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 05 ao 06 de outubro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)
- \* A noite que vai do 06 ao 07 de outubro de 2024 (agás variación pola comisión de festas)

**SEGUNDO.** Autorizar nas datas sinaladas nos apartados a), b) e c) do dispositivo primeiro desta resolución (Entroido, Semana Santa e Nadal), a ampliación de dúas (2) horas dos horarios xerais de peche establecidos no apartado III.2.5 do Anexo da Orde do 23 de outubro de 2020, respecto dos establecementos abertos ao público situados no termo municipal do Concello de Xove, onde se desenvolven actividades de restauración reguladas no apartado III.2.5 do Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.



A dita ampliación horaria seralle de aplicación as súas terrazas anexas, sempre e cando estas desenvolvan a súa actividade amparadas na preceptiva licenza de actividade e, no seu caso, na correspondente licenza ou autorización de ocupación de dominio público.

**TERCEIRO.** Autorizar nas datas sinaladas nos apartados a), b), c) e d)-8. no dispositivo primeiro desta resolución, a ampliación de dúas (2) horas dos horarios xerais de peche establecidos no apartado III.2.7 do Anexo da Orde do 23 de outubro de 2020, respecto dos establecementos abertos ao público situados no termo municipal do Concello de Xove, onde se desenvolve actividade de entretemento e ocio reguladas no apartado III.2.7 do Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

**CUARTO.** Informar ás persoas interesadas que as solicitudes de autorización de ampliación horaria formuladas polas entidades asociativas referidas anteriormente, respecto das datas sinaladas no apartado d), serán resoltas posteriormente á vista das previas declaración ou solicitudes formuladas polas distintas comisións de festas, todo elo, con fundamento na normativa que resulte de aplicación e nos informes que, no seu caso e a tal efecto, emitan os servizos municipais.

**QUINTO.** Informar ás persoas interesadas que esta autorización de ampliación horaria outórgase sen prexuízo do disposto no artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, que establece que o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas ampliarase con carácter xeral media hora (30 minutos) as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

**SEXTO.** Informar ás persoas interesadas, que en todo o non previsto na presente resolución, será de aplicación, respecto dos horarios de peche dos establecementos abertos ao público, e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, o previsto na dita Orde do 23 de outubro de 2020.

**SÉTIMO.** Informar ás persoas interesadas que esta autorización non implica, en ningún caso, a autorización ás persoas titulares dos establecementos sitios no termo municipal do Concello de Xove nos que se desenvolve, ao amparo do preceptivo título habilitante, algunha das actividades recreativas e espectáculos públicos do Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, para realizar calquera outra actividade recreativa ou espectáculo público extraordinario, tanto no interior, como no exterior do establecemento, sexa en dominio público ou privado, sen suxeitarse ao disposto na dita norma regulamentaria e na vixente Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e na normativa reguladora do dominio público local.

**OITAVO.** Informar ás persoas interesadas que o outorgamento da presente autorización, non pode dar lugar ao incumprimento dos límites de emisión e inmisión de ruídos establecidos na vixente normativa de protección fronte á contaminación acústica, para as ditas actividades.

**NOVENO.** Comunicar a presente resolución á Subdelegación do Goberno en Lugo, e á xefatura territorial de Lugo, da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, aos efectos oportunos.

**DÉCIMO.** Publicar, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presente resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Xove, e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e notificala ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes de dita normal legal.

Publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Xove, 18 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0540

*Anuncio*

**Resolución de aprobación da lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos do proceso de selección e provisión, de dúas (2) prazas de Operario de Servizos Múltiples como persoal laboral fixo recollidas no OEP 2022 (BOP nº 068 de 24.03.2023) e na OEP 2023 do concello de Xove (BOP nº 197 de 28.08.2023) para a súa cobertura definitiva, polo sistema de concurso – oposición.**

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía de data 22.02.2024 a relación DEFINITIVA de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para o proceso de selección e provisión, de dúas (2) prazas de Operario de Servizos Múltiples como persoal laboral fixo recollidas no OEP 2022 (BOP nº 068 de 24.03.2023) e na OEP 2023 do concello de Xove (BOP nº 197 de 28.08.2023) para a súa cobertura definitiva, polo sistema de concurso – oposición, procédese á súa publicación co seguinte alcance:

<u>ADMITIDOS/AS</u>	<u>DNI</u>
JOSÉ HILARIO RODRÍGUEZ PARAPAR	xxx9552xx
ELSA CLARA GATO ADAMS	xxx8034xx
MARÍA EMMA SOTO SOTO	xxx4732xx
MANUEL ÁNGEL GUILLEN MENÉNDEZ	xxx9344xx
BRAIS CALLES ALONSO	xxx6532xx
RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA	xxx1883xx
GUILLERMO REGO CANOURA	xxx9301xx
DEMETRIO LÓPEZ PENA	xxx2284xx
MARÍA VANESA COUVE VARELA	xxx9857xx
MANUEL VILAR OTERO	xxx9211xx

Finalmente, convócase aos membros do Tribunal aos efectos da súa constitución para as 10:00 horas do día 06 de marzo de 2024, así como, no seu caso a baremación dos méritos aportados polos aspirantes.

Toda esta información estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello.

Xove, 22 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0541

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

*Anuncio*

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de Paz, TITULAR de LOURENZÁ (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da " Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública".
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculcado nin procesado.**

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual.**

**PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:**

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2024.- O SECRETRARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0542

*Anuncio*

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de Paz, TITULAR de MURAS (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da " Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública".
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculcado nin procesado.**

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual.**

**PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:**

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2024.- O SECRETRARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 0543